

4

***ANOS DE
TRABALLO SINDICAL***



ÍNDICE

1.- Rendendo contas ás portas dunhas novas eleccións sindicais	3
2.- O ensino público e o profesorado no centro da acción sindical	4
3.- Rectificar, Recuperar e Recoñecer	7
4.- O maior conflito laboral docente nos últimos corenta anos	8
5.- Contra a censura	11
6.- A lesiva reforma da FP e a incógnita da Lei de Aprendizaxe ao longo da vida adulta	12
7.- A formación do profesorado: unha atención permanente	13
8.- A CIG Ensino no marco estatal de negociación	14
9.- As loitas históricas catro anos máis: sinais de identidade	18
• A precariedade do persoal substituto e interino	18
• A defensa da nosa lingua	19
• A igualdade	20
• A inclusión educativa	21




1.- RENDENDO CONTAS ÁS PORTAS DUNHAS NOVAS ELECCIÓN SINDICAIS


Coa mesma responsabilidade e coherencia que nos caracteriza como sindicato transformador, reivindicativo e rigoroso, **a CIG-Ensino afrontou estes últimos catro anos o seu compromiso co ensino público e con todo o seu profesorado sen excepcións.**

Neste período quedou de manifesto de novo por que é o sindicato maioritario: fomos a referencia na contestación ás políticas dunha Consellaría que actúa de costas ao profesorado; fomos a vanguardia da acción sindical nos centros e nas rúas; fomos o contrapunto en todas as reunións que se produciron nas diferentes mesas de negociación, non só no ámbito galego, senón tamén no estatal, e fomos a organización que liderou a resposta aos Acordos asinados por unha minoría sindical en 2023 e 2026 e que centraron as maiores mobilizacións levadas a cabo non só nos últimos 4 anos, senón desde finais da década dos 80.

Nas anteriores eleccións sindicais (EESS) rompemos o teito de apoio, acadando 9.765 votos e 67 persoas delegadas, mantendo unha enorme diferenza cos demais sindicatos, tanto en votos como en representantes, e




EESS Ensino Público 2022. Persoas delegadas



EESS Ensino Público 2022. Votos

obtendo así a maioría na Mesa Sectorial docente (con 8 membros fronte aos 7 do conxunto das outras organizacións con representación), **así como a presidencia das 4 xuntas de persoal docente provinciais;** espazos de negociación tanto das condicións laborais do profesorado, como do sistema educativo público no seu conxunto.

En conclusión, os resultados electorais da CIG-Ensino nos últimos anos non só confirman o recoñecemento por parte do persoal docente dese **labor fiscalizador e de contrapoder das políticas da Consellaría,** senón que tamén subliñan a súa capacidade para liderar **a defensa dun ensino público laico, coeducativo e feminista, democrático**



Mesa Sectorial

Nota: Aínda que UXT non obtivo o apoio electoral necesario para ter representación na Mesa Sectorial, correspóndelle un representante en dito órgano pola súa condición de sindicato máis representativo a nivel estatal

e participativo, inclusivo e equitativo, e que ten como eixo vertebrador a defensa da nosa lingua.

Estes son os nosos sinais de identidade e con eles concorremos de novo a estas eleccións porque **para a CIG-Ensinon hai conflito pequeno nin polémica que nos sexa allea sempre que contribúan a dignificar a función docente e a loitar por un ensino público galego de calidade.**

2.- O ENSINO PÚBLICO E O PROFESORADO NO CENTRO DA ACCIÓN SINDICAL

O deseño da acción sindical nos últimos catro anos centrouse, xusto após das eleccións sindicais, en volver poñer o foco na defensa do profesorado e na demanda de melloras para o ensino público en xeral.

Naqueles comezos do ano 2023 levamos a cabo numerosas concentracións contra os recortes, reclamando menores ratios e máis docentes, rematando o curso en xuño cunha «**Marcha polo ensino público**» que arroteou San Caetano e na que se sumou a defensa do ensino presencial fronte á aposta polo oferta a distancia que, especialmente na FP, se evidenciaba como un

novo risco para unha educación pública de calidade e garante da igualdade de oportunidades para o alumnado.

A previsión, a poucos meses, dunhas eleccións autonómicas, era a ocasión idónea para levar todo o empeño de meses anteriores ao escenario necesario: a negociación dunha batería de medidas que contaban desde había anos cunha importante demanda profesional e cunha hipotética unanimidade sindical.

No comezo do curso 23/24 a CIG-Ensinodeu un ultimato á Consellería para o inicio de negociacións anunciando a convocatoria de futuras mobilizacións entre as que xa se incluía a folga.

A apertura das negociacións no límite do prazo fixado veu acompañada da presentación dunha proposta que non recollía ningunha das medidas que se esixían pola parte laboral. **Foi nese momento cando se rachou a unidade sindical, cunha minoría que aceptou o punto de partida e cunha posición firme da CIG-Ensinonegando tomar en consideración calquera proposta que non tratara, nun principio, a redución do horario lectivo.** O xogo ficaba claro e repetía fórmulas trilladas: unha administración parte dunha pro-



posta insultante e os demais sindicatos aceptan á primeira, porque tanto a unha como aos outros lles interesa deixar fóra da negociación ao sindicato maioritario.

O que para estes actores era o “Acordo de melloras” foi para a CIG Ensino desde o principio o **“Acordo da vergoña”** no que tres sindicatos optaron por renunciar á mobilización e deixar tirado ao profesorado nas reclamacións que até había 10 meses figuraban nos programas electorais de todos eles e que, na propia negociación se trazaron como liñas vermellas, unhas liñas que ao final se transformaron nunha inmensa alfombra vermella para un Acordo que non deu resposta ás esixencias do profesorado galego.

É en outubro de 2023 nun contexto de marcado carácter preelectoral cando **un presidente da Xunta por vez primeira se converte en protagonista da sinatura dun acordo docente** cunhas



eleccións galegas ás portas que amosaban unha incerteza maior que noutras ocasións.

A resposta sindical da CIG foi un **chamamento público a convocar unha folga unitaria** que lle dera voz ao profesorado e na que todas as organizacións sindicais optasen por unha única posición. **Rotas as negociacións, o sindicato maioritario anuncia unha folga xeral no ensino público para o 24 de outubro de 2023**, cunha intensa campaña de asembleas nos centros educativos para axitar a resposta de cara a esa folga. Posteriormente a esta convocatoria sumáronse as dúas organizacións que non teñen presenza na Mesa, CSIF e STEG, co cal se evidenciaba que o 60% da representación do profesorado rexeitaba o acordo. **A folga e a manifestación do 24 de outubro foron un éxito absoluto reforzando a oposición que mantivera a CIG-Ensino ao Acordo.**





Seguindo coas accións reivindicativas e **baixo o lema “O profesorado non se vende”** nese novembro celébranse concentracións nos centros educativos de todo o país e tamén nas sete cidades galegas o 14 de novembro, e unha gran manifestación nacional o día 19, onde máis de 4.000 docentes tomaron Compostela na defensa dos seus dereitos e de melloras reais para o ensino público galego. Nese mesmo mes convocamos **a segunda xornada de folga o día 28 que se converte nunha nova lección de dignidade do profesorado** reclamando nunha multitudinaria manifestación en Compostela a inmediata rectificación da Consellaría.

Mais o goberno do Partido Popular seguía ignorando ao profesorado galego polo que **decidimos pecharnos na Consellaría** para esixir unha resposta e que se retomaran as negociacións. **Facémolo o 11 de decembro, somos expulsados pola policía sen ter a mínima comuni-**



cación co conselleiro e volvemos pecharnos o 14 de decembro, outra vez expulsados sen ter resposta de Román Rodríguez, co cal anunciamos que xa non o recoñecemos como interlocutor, pedimos a súa dimisión ou cese e declaramos que a única posibilidade é que sexa o presidente Rueda o que desbloquee o que é o xerme do maior conflito no eido educativo nos últimos anos. Comeza así a campaña “Alzar a voz e tomar a palabra”

O obxectivo desta campaña foi darlle a palabra e a oportunidade de alzar a voz ao profesorado fronte á negativa do goberno galego a asumir o rexeitamento maioritario ao acordo que subscribira cunha minoría sindical. **En apenas 4 semanas recóllense 16.257 sinaturas presenciais, chegando ao 85% dos centros educativos, converténdose na recollida de sinaturas máis numerosa entre o profesorado galego,** especialmente relevante por pechala en tan breve tempo, nuns prazos que estaban condicionados pola convocatoria das eleccións galegas en febreiro. Queda claro, tanto nesta recollida de sinaturas, como en todas as mobilizacións e folgas, que o profesorado galego non avalla a sinatura do «Acordo da vergoña».

Logo desta contundente resposta docente, interpelamos directamente ás candidaturas das organizacións políticas que aspiraban a gobernar Galiza a partir de febreiro de 2024 a que se posicionasen ao respecto das demandas do profesorado e que explicitasen as que estaban dispostas a asumir. Porén, o Partido Popular volveu revalidar a maioría absoluta con 40 deputados e o conselleiro Rodríguez recuncou no cargo encetando unha nova etapa na que redobrou a aposta pola

propaganda á vez que intensificou o control do profesorado e a persecución de calquera crítica ou disidencia cara ás súas políticas. **A CIG-Ensino, lonxe de adoptar unha posición derrotista denunciou con contundencia nos seguintes meses todos e cada un dos incumprimentos e das carencias que se foron revelando do Acordo da vergoña** (non cómputo do alumnado con necesidades como dobre ou triplo, non cumprimento das ratios das aulas mixtas, non autorización de desdobres en aulas que superaban os 25, non incremento de profesorado nos grupos que superan a ratio de 20...)

3.- RECTIFICAR, RECUPERAR E RECOÑECER

As mobilizacións volven a comezo do curso 24/25, inicialmente de forma local, respondendo ás demandas que nos chegan desde moitos centros, principalmente pola falta de profesorado e polos recortes na atención á diversidade. Compaxinamos así a resposta á propaganda da Consellería de Educación coa reiteración das demandas para recuperar os dereitos que non nos devolveron, xunto cunha fiscalización e denuncia pública de todos e cada un dos enganados derivados do incumprimento dos mínimos avances que incluía o Acordo. Consequimos, non sen atrancos, **dimensionar a nivel a nacional a resposta social, da man nesta ocasión da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público, cunha importante manifestación en Compostela e unha destacada presenza de familias afectadas.**

Durante o primeiro trimestre do curso 24/25 a CIG-Ensino sae publicamente

denunciando o que cualificamos como **“Plan Mega Trola”** e esiximos que se atendan as demandas de recursos dos centros, xa que a Consellería manipulou as cifras de contratación e vendeu como propios programas financiados polo Ministerio e pola UE. Estes contratos tiñan un agravante que levamos aos xulgados, que era a data de remate a 30 de xuño e non a 31 de agosto como tería que ser se a Consellería dese a estas prazas o tratamento de estruturais. Froito desas denuncias no curso seguinte adxudícanse no CADP a maior parte das vacantes dese Plan Mega que proceden de programas para reforzar a inclusión educativa e que a Xunta emprega para resolver problemas derivados da falta de persoal nas etapas de infantil e primaria.

A acción sindical intensificouse ao longo do curso 24/25 rematando co lanzamento da campaña Rectificar, Recuperar e Recoñecer na que o obxectivo era mobilizarse contra os recortes, a privatización e a censura,



un novo elemento que, se ben sempre estivo asociado ás políticas do PP apareceu recollido nas instrucións de inicio de curso baixo o concepto da “**neutralidade ideolóxica**”. Esta campaña das tres “R” foi a maneira de visibilizar a acción continua do sindicato exixindo a Román Rodríguez:

- **Rectificar:** cambiar a súa política de recortes e os intentos de censura na educación pública.
- **Recuperar:** os dereitos laborais perdidos nos últimos anos (horarios, Fondo de Acción Social, licenzas por formación retribuídas, poder adquisitivo, pagamento do verán ao persoal substituto...)
- **Recoñecer:** valorización profesional do persoal docente a través de melloras reais das súas condicións de traballo, do respecto á súa liberdade e da protección institucional.

4.- O MAIOR CONFLITO LABORAL DOCENTE NOS ÚLTIMOS CORENTA ANOS

O curso 2025-26 estivo marcado pola loita sostida do profesorado galego, consecuencia do deterioro das condicións de traballo e da negativa do goberno da Xunta a negociar coa súa representación maioritaria. A CIG-Ensiño respondeu con coherencia e firmeza, partindo das demandas e accións de cursos anteriores e intensificando progresivamente o conflito, vertebrando as demandas do profesorado e da comunidade educativa.

O inicio do curso estivo condicionado por múltiples problemas: falta de profesorado, carencia de especialistas de orientación e de atención á diversidade,



ratios elevadas, sobrecarga burocrática e o caos na reforma da FP. Este contexto deu lugar a **unha primeira gran mobilización en setembro en Compostela, que uniu a profesorado e familias, seguida da folga do 25 de setembro, situando o conflito como unha cuestión de dignidade profesional e de defensa do ensino público.**

A actitude inmovilista da administración provocou unha intensificación das protestas no primeiro trimestre. **As folgas do 28 e 29 de outubro tiveron un amplo seguimento e acompañáronse de accións simbólicas como o cerco á Consellaría para virar as súas políticas de recortes e protestas nas delegacións territoriais nas capitais de provincia.**

En decembro convocáronse novas folgas, o 16 e 17, acadando as cinco xornadas en menos de tres meses, unha cifra inédita nas últimas dé-





cadras. Xunto a isto desenvolvéronse novas formas de mobilización como **peches tanto en centros como en San Caetano**, mensaxes reivindicativas aproveitando o Samaín, accións de boicot en actos institucionais, marchas fúnebres entre centros simbolizando o velorio e enterro do ensino público, manifestos de apoio ás mobilizacións por parte de equipos directivos... **contribuíndo a visibilizar así o conflito entre o conxunto da sociedade.** Estas mobilizacións, que pretendían condicionar a aprobación dos orzamentos educativos para este ano



2026, evidenciaron a presión exercida, obrigando á administración a introducir cambios no seu discurso, aínda que sen abrir unha negociación real.

No segundo trimestre, ante a falta de avances, **descentralizáronse as mobilizacións con máis de 20 peches nocturnos en centros**, que acadaron un importante impacto mediático a nivel comarcal, coa acción “Martes en loita” e co apoio ás concentracións denunciando o estado dos centros.





Neste contexto tamén se consolidaron espazos de autoorganización que naceron nos centros, como as Asembleas Abertas do Ensino Público, denunciando a situación das infraestruturas, carencias de persoal e eivas organizativas de cada colexio, instituto ou nivel educativo, que contribuíron a canalizar o malestar do profesorado e a articular unha estratexia compartida.

Mentres tanto, a intención da Consellaría de deixar soa á CIG-Ensino na oposición organizada ás súas políticas tivo un novo capítulo na adhesión de CSIF ao Acordo de 2023 sen que se materializase naquela altura ningún avance. Malia esta xogada, a representación sindical conformada por CIG e STEG seguía sumando máis apoio electoral que os sindicatos entregados á administración nun exercicio de rendición absoluta que é inédito en calquera outro territorio ou sector. **O continuado desprezo á representación do profesorado e o incremento da fartura e do malestar do persoal levou a unha nova convocatoria de folga o 28 de abril e a unha mobilización descentralizada en máis de 20 localidades galegas o 6 de maio.**

A resposta da cada vez máis simbiose Consellaría/sindicatos asinantes non se fixo agardar e dous días lectivos antes da folga do día 28 comparecían nunha



rolda de prensa conxunta na que, sen dar a coñecer documento algún, anunciaban un preacordo para rebaixar as ratios e o horario de secundaria. Ambas as dúas cuestións tiñan que ser emendadas do Acordo de 2023 e ademais realizábase un anuncio sobre unha actualización dos catálogos dos centros de infantil e primaria que a CIG-Ensino propuxera en solitario na Mesa Sectorial na que se negociou o Concurso de Traslados e que recibira a negativa da Consellaría.

O intento de desmobilización e de boicot á folga por parte do goberno galego en coalición co cuarteto sindical non só non funcionou senón que foi un fracaso e os datos avalan que foi xustamente o persoal de secundaria e FP, cara ao que supostamente ían dirixidas as supostas melloras, o que máis secundou as protestas do último trimestre.





A Consellaría xogou, de novo, a pechar primeiro as medidas que estaba disposta a asumir cos sindicatos asinantes na Comisión de Seguimento do Acordo, sendo estas totalmente escasas e ridículas: baixada de ratios en secundaria a partir do curso 28/29 e sen calendarizar o inicio en Bacharelato, por un lado, e redución horaria con moitas excepcións e recortes nas horas lectivas de cargos e coordinacións en secundaria, polo outro. Finalmente, e como mero trámite, pasou pola Mesa Sectorial a súa proposta e non atendeu practicamente ningunha das múltiples achegas que recibiu e presentou a CIG-Ensino desprezando así a lexítima representación do profesorado. A cuestión da xornada laboral, que non consolida a recuperación das 18 horas lectivas, despachouna en dúas Mesas e á reforma dos catálogos de infantil e primaria, vixentes desde 2007, apenas lle dedicou unhas horas para que o punto final fose ningunha praza máis e a consolidación de especialistas de PT e AL que nestes intreos xa están nos centros por riba do que recollen os catálogos.

Ao remate da edición deste Balance nos cupos dos centros de secundaria non hai apenas ningún incremento con respecto ao curso anterior, repetíndose así o que xa aconteceu coa redución a 23 horas lectivas en infantil e primaria, o que augura moitas dificulta-

des organizativas nos centros pola falta de persoal, alén de xerar máis diferenzas e desigualdades entre os distintos colectivos docentes. **Pero a estratexia de dividir da administración terá coma sempre a oposición frontal da CIG-Ensino que se ten unha cuestión vertebral na súa acción sindical é a da unión de todas as demandas e de todo o persoal, sen excepcións.**

5.- CONTRA A CENSURA

O goberno do Partido Popular na Xunta pretendeu -e continúa a facelo- calar a comunidade educativa galega a través circulares que instaban ás direccións dos centros a non trasladar información ás ANPAs; de instrucións que obrigan ao profesorado a dar conta á inspección das actividades desenvolvidas, apelando a unha suposta “neutralidade ideolóxica”, ordenando a retirada de información, tanto en formato físico coma dixital, sobre as carencias existentes nos centros e citando a declarar ante a inspección ás persoas responsábeis desta difusión e tamén impedindo a homologación de formacións que abordaban cuestións que, segundo a Consellaría de Educación, non se axustan a ese principio de neutralidade.

Durante este período, desenvolvemos unha resposta continuada e contundente contra estas medidas da administración orientadas a limitar a liberdade do profesorado. **Ademais de denunciar publicamente estas prácticas, advertindo de que supoñen un paso atrás na autonomía docente e unha inxerencia directa no labor pedagóxico, insistimos en que o profesorado debe poder exercer o seu traballo con liberdade e criterio profesional,**

sen estar sometido a mecanismos de control que poidan derivar en autocensura.

Así mesmo, desde o sindicato puxemos de relevo as consecuencias destas políticas para o alumnado, sinalando que a limitación de contidos e de enfoques nas aulas empobrece o ensino en valores e dificulta o desenvolvemento do pensamento crítico. Tamén pedimos o cese inmediato do subdirector xeral de Inspección e Avaliación Educativa que tachou de clase ociosa ao profesorado galego e publicou artigos de ideoloxía ultra, e do director territorial da Coruña que fixo comentarios machistas e franquistas e que foi investigado polo Tribunal de contas por malgastar cartos públicos.

E, como non podía ser doutra maneira, a CIG participou activamente en movementos sociais en defensa do territorio e dos dereitos humanos en cuestións como a oposición a Altri, a loita contra os lumes, a solidariedade co pobo palestino, a loita feminista, a defensa dos dereitos do colectivo LGTBIQA+ ou o rexeitamento das guerras.

6.- A LESIVA REFORMA DA FP E A INCÓGNITA DA LEI DE APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA ADULTA

A Formación Profesional, máis alá da polémica derivada da reorganización dos corpos docentes, precisou nestes últimos anos unha atención aínda maior, dados os cambios lexislativos e a política implantada, nos seus respectivos ámbitos competenciais, polos gobernos español e galego. **A FP é, no ensino non universitario, o principal campo de privatización do ensino público, froito dunha deriva provo-**

cada polo marco lexislativo estatal, que dualizou toda a oferta, ao que se suma a decidida política favorecedora do ensino privado e da educación ao servizo do poder empresarial propia do PP desde a Xunta.

O feito de que a Consellaría de Educación siga potenciando os ciclos de dual intensiva, creara as formacións aceleradas á carta para as empresas e veña de aprobar un Decreto no que a novidade máis salientábel é a creación da figura do profesorado asociado, alén do persoal experto e do sénior de empresa, dá boa fe de que **se abriu a porta de par en par alí onde aínda non chegaban os tentáculos do sector privado, á propia docencia no sector público.**

Malia presentarmos 36 emendas ao Decreto galego de FP no Consello Escolar de Galiza, fronte ás 8 en total dos outros tres sindicatos, a Xunta aprobou sen ningún cambio esta norma tan transcendente no mes de marzo para a súa entrada en vigor en setembro deste 2026.

Nos últimos anos a CIG-Ensino denunciou en todos os órganos nos que ten representación, tanto nas Mesas Sectoriais estatal e galega, como no Consello Xeral de FP e no Consello Galego de FP, o incremento da oferta privada e dos concertos educativos na formación profesional malia non ser unha ensinanza obrigatoria.

No que atinxe á decisión da Xunta de darlle un pulo á modalidade a distancia na oferta formativa, que ten que ser minoritaria e complementaria da presencial, está tamén **o anuncio da Lei para a Aprendizaxe ao Longo da Vida Adulta na que o obxectivo é converter estas**

ensinanzas en exclusivamente telemáticas ou dixitais, o que terá un impacto devastador na oferta presencial e semipresencial espallada polo país, reducirá considerabelmente a calidade formativa e desatenderá as necesidades de alumnado especialmente vulnerábel que precisa unha atención personalizada, un seguimento individualizado e a integración nun grupo para retomar ou iniciar con éxito a súa vida académica.

Por outra banda, no que ten a ver coa desfeita producida a raíz da división en tres dos corpos docentes que imparten na Formación Profesional o sindicato mantén a súa posición histórica:

debe existir un único corpo docente integrado no grupo A1 e o Ministerio equivocouse de pleno con esta segregación. A Xunta tivo unha oportunidade para rectificar a mala decisión estatal pero decidiu optar pola vía máis “económica”, priorizando coma sempre o aforro sobre a xustiza. A aprobación, desde o 1 de setembro de 2023, dun complemento de equiparación salarial para o Profesorado Técnico de FP a extinguir que non se integrou no corpo de PES foi unha medida insuficiente e que arrastra a día de hoxe moitas consecuencias que inflúen na convivencia nos centros educativos. O Profesorado Especialista dos Sectores Singulares da FP, cada vez máis numeroso nos centros, ve como realiza o mesmo traballo e cobra menos que o dos outros dous corpos. **A CIG-Ensino pediu en cada foro de negociación a fin desta discriminación salarial e presentou denuncias xudiciais en varios xulgados galegos para intentar revertir esta situación.** Lamentablemente tanto en primeira instancia como no TSXG a xustiza sentenciou en contra da petición de equiparación sa-



larial mais o sindicato vai esgotar todas as vías legais posibles chegando, de ser necesario, ao Tribunal Supremo.

7.- A FORMACIÓN DO PROFESORADO: UNHA ATENCIÓN PERMANENTE

A CIG-Ensino sempre considerou a formación permanente un pilar sobre o que soste un ensino de calidade.

É así que ofertamos ao profesorado unha batería de propostas formativas que, de xeito alternativo ás presentadas pola Consellería, inciden en aspectos relacionados coa nosa identidade como nación: a nosa lingua, a nosa historia ou o noso medio natural. Á vez que temos sempre presentes aspectos como a igualdade e a coeducación, a atención á diversidade, a innovación educativa e pedagóxica e a educación para a paz.

A nosa oferta de cursos homologados pola Consellería, tanto presenciais como a distancia, deu cabida a arredor de 9.000 docentes nos últimos catro anos, recibindo máis solicitudes que prazas tiñamos para a formación na competencia dixital docente. Valoramos especialmente de xeito positivo a elevada asistencia do funcionariado en prácticas á nosa formación presencial dirixida a quen acaba de aprobar as oposicións, tendo en conta que ten unha xornada obriga-

foi crítica co adiamento do desenvolvemento desta Lei a efectos da incorporación aos novos corpos, o que é unha nova demostración do nulo interese do Ministerio por dar pasos firmes e áxiles para a mellora da profesión docente. Porén, valora positivamente a rectificación realizada na composición do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, ao incluír finalmente á CIG, tal e como corresponde pola súa condición de sindicato máis representativo, en cumprimento da Lei Orgánica de Liberdade Sindical.

A comezos deste ano o Ministerio decidiu tamén crear uns grupos de traballo para a reforma da profesión docente. Malia que a CIG-Ensinos defende que todas as negociacións se fagan no marco da Mesa Sectorial, esta fórmula permitiu **avanzar cando menos no tema das ratios e horarios**, que deu lugar por un lado ao Proxecto de Lei actualmente a debate no Congreso

dos Deputados, e por outro, ao **borrador dun Real Decreto que pretende regular as ratios das etapas non obrigatorias (primeiro ciclo da educación infantil e o bacharelato).** Malia que tanto o texto legal que está pendente de aprobación nas Cortes como o do potencial RD sobre ratios e condicións mínimas dos centros que imparten infantil 0-3 anos e bacharelato non colman as demandas presentadas pola CIG, pódese afirmar que houbo unha negociación real coa representación sindical docente. Un *modus operandi* que, cando menos nas formas, contrasta frontalmente coa actitude da Consellaría de Educación nestes últimos catro anos.

Nestes intreos, **a proposta do Ministerio para o primeiro ciclo de infantil supón un avance relevante a respecto da situación de precariedade actual, pasando a ratios de 4 por aula de 0 a 1 ano, 6 de 1 a 2, e 8 de 2 a 3.** A Xunta, a

Quen é quen na redución de ratios?			
	MINISTERIO DE EDUCACIÓN	XUNTA DE GALICIA	CIG ENSINOS
1º ciclo EI	Baixada ratios: 4 (0-1 ano), 6 (1-2 anos), 8 (2-3 anos)	Ameaza con eliminar a gratuidade da EI de 0 a 3	Baixada ratios: 4 (0-1 anos), 6 (1-2 anos), 8 (2-3 anos)
2º ciclo EI	20 a partir do curso 27/28	20 desde o curso 24/25 con excepcións	20 no curso 24/25 15 no curso 27/28
EP	22 a partir do curso 27/28	20 desde o curso 27/28 con excepcións	20 en 1º e 2º no 24/25 20 en 3º e 4º no 25/26 20 en 5º e 6º no 26/27
ESO	25 a partir do curso 28/29	25 a partir do curso 28/29	25 desde o curso 24/25 de forma que o vindeiro curso xa se aplicará en 3º
Bach	30 desde o curso 29/30	30 por aula. Sen temporalización polo que de agardar a que remate a ESO comezará no curso 32/33	Curso 24/25: en 1º e 3º ESO e 1º Bach Curso 25/26: en 2º e 4º ESO de Bach
Aulas Mixtas	Non se contemplan	Diferentes niveis EI (14), EI+EP (10), diferente ciclo EP (12), toda a etapa EP (10). Aplicación progresiva até o curso 27/28	Do mesmo ciclo (14), de máis de un ciclo (12), de toda unha etapa (10). Desde o curso 24/25
FP	25 en CM, CS e CE presenciais e 15 na FP básica antes do inicio do curso 28/29	Actualmente ratios variábeis de 18 a 30 nos ciclos medios e superiores presenciais. Ratio máxima de 20 na FP básica	25 e 20 dependendo da tipoloxía de ciclo: 15 (FP básica), 30 (FP a distancia). Curso 24/25 toda a oferta modular e distancia e en 1º e 25/26 en 2º na modalidade ordinaria
Educ. Adult.	Non se contemplan cifras concretas. Insta á súa redución por parte das CCAA	Non hai nada regulamentado	Negociación de ratios inferiores en ESO e Bach nas ensinanzas presenciais e de topes nas ensinanzas a distancia
Réxime Especial	Non se contemplan	Non hai nada regulamentado	15 nas ensinanzas de artes plásticas e deseño e estudos musicais e artísticos, agás materias que impliquen grupos reducidos. 25 nas EOI

través do propio presidente Rueda e da conselleira de Política Social, ameazou con que a aplicación desta medida podería supor a eliminación da gratuidade da etapa de infantil en Galiza, ao que a CIG-Ensino respondeu con contundencia pedindo a dimisión desta última por antepoñer os intereses da patronal aos das traballadoras e das crianzas. **No que ten a ver co resto de etapas (segundo ciclo de infantil, primaria, secundaria, formación profesional, bacharelato e ensinanzas de réxime especial ou para persoas adultas), a falta das modificacións que se produzan no debate parlamentario, a pretensión ministerial a respecto das ratios quedou lonxe das reivindicacións da CIG-Ensino tanto en número como en prazos de implantación.** Con todo, tanto as mobilizacións protagonizadas polo profesorado galego como os movementos electorais do goberno central marcáronlle o paso á Consellaría de Educación, que se viu forzada a aprobar a redución ás 18 horas para secundaria (aínda que con excepcións), a partir deste curso que entra despois de que o resto de CCAA xa recuperaran este dereito, como a incluír

emendas ao Acordo de 2023 para adiantar a baixada de ratios en secundaria, sen incluír, iso si, o bacharelato, nunha estratexia calculada á espera do que poida acontecer na política estatal.

Malia os avances mencionados, **a lexislatura estatal que rematará en 2027 deixa unha sensación de decepción na CIG-Ensino porque, ademais de non avanzar no Estatuto do Persoal Docente como prometera a anterior ministra Pilar Alegría, quedan cuestións pendentes sen regular de grande calado e que non poden agardar máis, como a reforma do Real Decreto de acceso e ingreso na función pública docente, que data do ano 2007 e que, lamentablemente, segue sendo competencia estatal.**

Despois do avultado das cifras de prazas desertas nas últimas convocatorias (o 37% nas oposicións deste verán) e da dificultade para atopar persoas dispostas a facer substitucións en varias especialidades, sobre todo de Formación Profesional, ábrese un escenario incerto que debe ser abordado polas distintas administracións mellorando as condicións de traballo e revalorizando a profesión docente. Pero á vez cómpre actualizar un proceso de selección do profesorado que aínda ten temarios vixentes desde a década dos 90.

A CIG-Ensino pediu de forma reiterada que se convocara o grupo de traballo ministerial que tiña como fin abordar o sistema de acceso e de formación inicial do profesorado, constituíndose este por fin en xullo e que ten previsto empezar as negociacións neste mes de setembro. E, dentro da marxe que ten a Consellaría de Educación, tamén solicitou que convocara unha Mesa Sectorial específica moito



antes da que trata a convocatoria das oposicións para mellorar aspectos que son fundamentais no procedemento selectivo: calendarización máis ampla das probas, baremación de méritos por unha comisión técnica, elección de todos os membros dos tribunais por sorteo, probas anónimas, posibilidade de revisión das cualificacións...

Por outro lado, os acordos retributivos asinados nos últimos anos a nivel estatal marcaron tamén boa parte da acción sindical da CIG-Ensino no que ten a ver con desmontar a propaganda de goberno e sindicatos asinantes. **As subas salariais pactadas están por baixo da evolución real dos prezos e consolidan unha perda de poder adquisitivo que desde 2010 superan o 20%.** No período 2022–2024, os incrementos acumulados non foron quen de compensar a inflación, o que se traduce nunha perda directa dun 2,3%, blindada polo novo acordo (2025–2028) que é peor aínda que o anterior. De se cumpriren as previsións económicas tan só nos dous primeiros anos de vixencia perderíase outro 1,2%. **Esta situación non é puntual, senón que se suma a anos de recortes e conxelacións salariais, consolidando unha tendencia de empobrecemento que consideramos inaceptábel.**

Así mesmo, **rexeitamos a ausencia de cláusulas de garantía salarial ligadas ao IPC real, que si se introducen no caso das pensións, por exemplo.** Sen mecanismos automáticos de revisión, o risco da inflación recae integramente sobre as traballadoras e traballadores, mentres a administración evita asumir compromisos efectivos de mantemento do poder adquisitivo.

No ámbito da negociación colectiva, cuestionamos profundamente tanto o procedemento como os actores que participan nestes pactos. Trátase de acordos asinados por organizacións sindicais estatais que non contaron coa participación real de todas as forzas representativas, xa que se fixeron fóra do marco legal que lle corresponde, a Mesa xeral das Administracións Públicas. **A CIG e ELA denunciaron ante a Audiencia Nacional á administración central pola súa dinámica de centralización que invisibiliza a realidade dos dous territorios e vulnera o seu dereito á negociación colectiva.**

Cuestionamos tamén os sucesivos concertos asinados entre MUFACE e as compañías aseguradoras, ao entender que responden máis ás necesidades de sustentabilidade do negocio privado que á garantía dun servizo sanitario de calidade. A nosa proposta pasa por avanzar cara á integración progresiva de todo o colectivo de mutualistas no sistema público de saúde, garantindo a igualdade de acceso, a calidade asistencial e a eficiencia no uso dos recursos públicos. Neste sentido, defendemos que os fondos destinados ao concerto de MUFACE pasen a reforzar directamente a sanidade pública, en lugar de sosteren un sistema paralelo.

O pouco interese por negociar do goberno do Estado volveuse visualizar ao introducir, no medio da tramitación da Lei de Función Pública do Estado, modificacións do Estatuto Básico do Empregado Público, en aspectos tan importantes como a xubilación forzosa, que pasaría dos 70 aos 72 anos, e fixar unhas normas de xubilación parcial totalmente insuficientes. **O noso obxectivo é recuperar o dereito indefinido**

á xubilación anticipada de todo o persoal do Réxime Xeral da Seguridade Social, ao igual que o mantén o de Clases Pasivas, volver á idade ordinaria de xubilación aos 65 anos para todo o persoal docente e establecer o dereito á xubilación parcial aos 61 anos nas mesmas condicións que había até os recortes de 2012.

9.- AS LOITAS HISTÓRICAS CATRO ANOS MÁIS: SINAIS DE IDENTIDADE

A precariedade do persoal substituto e interino

Dentro tamén do que é a acción sindical debemos facer fincapé nas **denuncias realizadas nestes anos a respecto da situación do profesorado interino e substituto**, que xa eran obxecto de reivindicación, e outras que xurdiron coas modificacións do actual acordo que regula as súas condicións de traballo:

- A suspensión con moita antelación dos chamamentos en períodos non lectivos (Nadal, Semana Santa ou final de curso).
- A contratación de centos de docentes con interinidades con data de remate a 30 de xuño e que deben estenderse até o 31 de agosto.
- O mantemento da supresión do pagamento do verán a quen traballou cando menos cinco meses e medio durante o curso escolar.
- A falta dunha cláusula de estabilidade para o persoal con máis servizos prestados.
- A ausencia de negociación nas ofertas de emprego tanto do número de prazas como das especialidades.
- A non aceptación de propostas de mellora presentadas pola CIG-Ensin na xestión das listaxes de substitución: renuncias durante tres anos sen



penalización, incremento da idade das fillas e fillos até os 12 anos para poder renunciar e restrición por áreas xeográficas, sen xustificación, para optar a vacantes de substitución.

- A falta de explicacións arredor da posta en marcha dunha aplicación informática para cubrir as vacantes ao longo do curso, que incorpora filtros por parte da administración.
- O recrudescemento das penalizacións ante os chamamentos durante 30 días lectivos a primeira vez, 60 a segunda e o decaemento das listas na terceira penalización.
- A recuperación do mesmo baremo das oposicións para a ordenación das persoas aspirantes a entrar nas listaxes de substitución que se abren ao longo do curso.
- A non comunicación da data dos cesamentos co conseguente prexuízo laboral para o persoal substituto.

Todos os cambios e addendas incorporadas nestes últimos anos foron pola propia necesidade da administración, sen reparos nin propostas dunha minoría sindical, **e son as iniciativas**

da CIG as que evidencian que hai moita marxe de mellora na xestión das listaxes de persoal interino e substituto. O feito de que algunhas desas propostas foran asumidas anos despois de presentadas pola Consellaría, neste caso co apoio de quen antes calou, é un síntoma dos límites dunha mesa de negociación na que quen goberna pode legislar sen pactar e que, cando quere pactar, é para ter coartada para non ir máis alá dos seus cálculos.

A defensa da nosa lingua

Desde o ano 2010 a CIG-Ensinou liderou a nivel sindical a oposición ao Decreto do Plurilingüismo advertindo dos nefastos efectos que traería para a situación da nosa lingua. Lamentablemente non nos equivocamos e as consecuencias foron aínda moito máis graves do que se prevía. O informe feito público polo IGE no ano 2024 confirmou o devalo alarmante tanto do seu uso como do seu dominio sobre todo por parte da poboación en idade escolar e o avance galopante do proceso de substitución do galego.

Ante unha política lingüística que desoe as chamadas de atención sobre esta deriva, a CIG-Ensinou mantivo **unha acción constante por sensibilizar o profesorado respecto da situación e tratar de atraelo ao compromiso na tarefa de mudar a situación.** Deste xeito, **denunciamos a insuficiente dotación económica para os ENDLG** e promovemos iniciativas diversas como as **Bases para a normalización do ensino**, xunto coa Mesa pola Normalización Lingüística, movementos de renovación pedagóxica e outras organizacións sindicais ou, a **máis recente campaña, “Eu Ensino en Galego”**, composta por infografías des-



critivas da situación sociolingüística que vivimos, así como de material didáctico como a “Guía para elaborar o proxecto lingüístico de centro” ou a “Guía para a normalización lingüística desde os ENDLG”. O sindicato non deixou de traballar pola nosa lingua mantendo outros proxectos sensibilizadores que fomentan o apegue de profesorado e alumnado polo galego, como é o caso do **Correlingua, iniciativa pedagoxicamente punteira que chegou xa á súa vixésimo sexta edición.**

Coa mesma meta normalizadora, a CIG-Ensinou ofertou actividades de formación centradas na nosa lingua, tal é o caso das **Xornadas de normalización lingüística** e das **Xornadas de lingua e literatura** que acadan o seu trixési-



mo quinto ano de vida e denunciou os múltiples recortes e ataques que sufriu o noso idioma por parte da Xunta de Galiza nos últimos anos.

Por outro lado, a CIG-Ensino, como integrante da Plataforma Queremos Galego, participou activamente na **elaboración do Protocolo “Lingua Vital”** e está inmersa nestes intres nunha **Iniciativa Lexislativa Popular para reverter esta situación de emerxencia lingüística**. A presentación do Plan da Lingua Galega nun acto cheo de fastosidade e totalmente baleiro de compromiso por parte da Xunta recibiu unha dura resposta da CIG-Ensino que insiste en que non habrá paz social nin acordos se non se comeza por derrogar o Decreto que foi o inicio da política de extinción do galego.


A igualdade

Durante estes catro anos os centros de ensino galegos non foron alleos á contaminación dos discursos que cuestionan o feminismo, a violencia de xénero e os dereitos do colectivo LGBTIQ+. Esta realidade evidenciou a necesidade de reforzar as ferramentas de promoción da igualdade nos centros de ensino. Diante desta situación a Consellaría de Educación, non só non promoveu a posta en marcha e actualización dos plans de igualdade de

centro, nin recoñeceu a figura da coordinación de igualdade, senón que cuestionou a profesionalidade das docentes introducindo limitacións e un elemento de censura nas actividades complementarias organizadas desde os centros.

No ámbito formativo desde o sindicato desenvolveuse unha ampla oferta de cursos e xornadas sobre coeducación. Elaboráronse materiais didácticos arredor do 25 de novembro, o 8 de marzo e o 28 de xuño e publicacións como *Axeitar a lingua*, para unha comunicación inclusiva no ensino, ou a *Guía de conciliación no ensino público*.

A federación de Ensino fixo parte de todas as loitas da Confederación na defensa dos dereitos laborais das mulleres e do colectivo LGBTIQ+ e mobilizouse fronte ao incumprimento da normativa en materia de igualdade por parte da Consellaría de Educación. Esta denuncia logrou que en xuño de 2024 se constituíra a comisión



negociadora do Plan de Igualdade.

Porén, o proceso segue estando marcado por atrasos inxustificables e non foi ata dous anos despois cando o traballo comezou a materializarse. **A CIG-Ensino presentou unha batería de máis de cen medidas para actuar sobre as desigualdades en ámbitos como a promoción profesional, a conciliación, a segregación por especialidades, as condicións de traballo, a saúde laboral ou a igualdade retributiva.** Desigualdades que a diagnose feita no marco da negociación deste plan si identifica pero que, polo de agora, as medidas que propón a Administración non pretenden sequera paliar.

Para denunciar a negligencia da administración e o machismo crecente nas aulas lanzouse a campaña “Respéctame!”, centrada na defensa da dignidade profesional das docentes e na urxencia de contar cun Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso que a Consellaría comprometeu para este inicio de curso e no que se tiveron en conta boa parte das achegas presentadas pola CIG-Ensino durante a súa negociación.

A conciliación foi outro eixo chave, impulsándose incluso unha vía xudicial para ampliar os permisos por nacemento para favorecer a corresponsabilidade, sen éxito no Tribunal Supremo.

En definitiva, ao longo destes catro anos promovéronse **accións concretas para avanzar cara un ensino público igualitario, con máis dereitos e mellores condicións para un colectivo feminizado, situando a igualdade como unha ferramenta esencial para mellorar o día a día nos centros educativos e fóra deles.**

A inclusión educativa

Hai moitos anos que a CIG Ensino ten entre os seus obxectivos a mellora da atención á diversidade, respondendo deste xeito á que é unha das principais preocupacións do profesorado galego e das principais demandas da comunidade educativa. Para o sindicato, **o máis urxente** (maior dotación de PT, AL e persoal de orientación) **non é incompatible con atender o prioritario** (baixada de ratios mediante o incremento de profesionais doutras especialidades sobre todo en infantil, primaria, secundaria, FP básica e media).

O cómputo do alumnado repetidor, e como dobre ou triplo do alumnado con necesidades, dentro da ratio máxima da aula é tamén outra demanda que o sindicato elevou tanto diante do Ministerio durante a negociación do proxecto de Lei sobre ratios e horarios como en cada Mesa Sectorial galega. Neste sentido, na negociación da Orde do Concurso Xeral de Traslados e do Concurso de Orientación de Primaria, en outubro de 2025, a CIG-Ensino presentou unha proposta para actualizar os catálogos dos centros de infantil e primaria, sobre todo no que ten a ver con especialistas de PT e AL, e para incrementar o persoal de orientación até acadar a ratio de 250 estudantes por cada profesional tal e





como recomenda a UNESCO. Malia que esta vez si contou co apoio do resto de sindicatos, a administración respondeu cun non rotundo.

Meses despois, e tras as mobilizacións históricas protagonizadas polo profesorado galego, **o presidente Rueda e o conselleiro Rodríguez anuncian que se vai proceder a esa actualización que se salda, tras 19 anos de espera, sen garantir un posto de traballo máis.** A pseudonegociación, como no caso das ratios e do horario de secundaria, produciuse á marxe da Mesa Sectorial, co agravante de que o Acordo de catálogos e da redución de xornada lectiva do corpo de mestras de 2007 si fora asinado pola CIG-Ensino, polo que a estratexia de deixar fóra ao sindicato maioritario tanto por parte da Consellaría como do resto de organizacións ficou unha vez máis patente.

O paso pola Mesa Sectorial como mero trámite dun documento que se asinou apenas 48 horas despois implica, na práctica, só a estabilización das prazas de especialistas de PT e AL que nestes intres xa están presentes nos centros de forma provisional por riba do que lles corresponde por catálogo, ou por prazas de atención preferente ou por dotación excepcional mediante programas como o Plan Mega. As 150 prazas prometidas fican



en apenas 130 e, unha vez máis, a Consellaría desprezou a vontade maioritaria do profesorado e a proposta da CIG-Ensino, enviada por escrito e nin sequera revisada pola administración. No documento feito público, como todo o que leva o sindicato ás mesas negociadoras, defendíase que se tiveran en conta todas as unidades de infantil e primaria e todas as tipoloxías de centros, alén do alumnado NEAE e NEE, a efectos de cómputo para a asignación de recursos, a consolidación das aulas habilitadas como unidades de catálogo a partir dos dous anos de funcionamento e un incremento de especialistas perfectamente asumíbel para a administración.

Tampouco se negociaron os criterios empregados pola Consellaría para a dotación dos supostos 50 especialistas de Orientación a maiores e 100 especialistas de Pedagogía Terapéutica, totalmente insuficientes, para os preto de medio milleiro de centros de secundaria existentes no noso país. **Estas escasas melloras, con todo, son froito da acción conxunta de profesorado, alumnado e familias que até a última semana do curso 25-26 protagonizaron accións reivindicativas para mellorar a atención á diversidade nos seus respectivos centros.**

En definitiva, a CIG Ensino loitou durante estes últimos catro anos para

que a Consellería sexa consciente dos seus propios números (ratios de unha persoa orientadora para máis de 2.000 estudantes ou profesionais que itineran en tres centros diferentes) que parece obviar cando alardea de ter un modelo de inclusión educativa pioneiro no conxunto do Estado. Así, puxemos o foco na necesidade de contarmos cunha rede de orientación actual e adaptada á realidade das aulas desbotando o actual modelo do século pasado, denunciando a desaparición de RAOGAL, e incidindo na necesaria diminución da carga burocrática de todo o persoal docente pero particularmente dos departamentos de Orientación.

Por outro lado a acción sindical neste eido tamén se focalizou na divulgación de material específico, na posta en marcha de xornadas de formación propias e nas accións reivindicativas que a CIG Ensino levou a cabo en distintos actos da Consellería de Educación. Non en van un dos lemas da loita deste pasado curso foi **“A atención á diversidade é unha prioridade”** e arredor dese obxectivo xirou e seguirán a xirar as iniciativas que a CIG-Ensino artella, man a man co resto da comunidade educativa, para acadar unha inclusión real, con máis medios humanos e que non deixe a ninguén atrás.



